

## 10 PELÍCULAS CLAVE DA HISTORIA DO CINE

### ALFRED HITCHCOCK (1899-1980)

Alfred Hitchcock naceu en Leytonstone (Inglaterra) no ano 1899. Despois de traballar para unha empresa de telégrafos varios anos, dedicouse ao mundo do cine como deseñador de rótulos. Pero axiña participou como montador, director artístico e guionista. Neste contexto, logo firma a súa primeira película como director "O xardín da ledicia" (1925), un filme mudo que tivo un gran éxito.


Na súa etapa inglesa, tamén dirixiu outras películas de éxito como "Asasinato" (1930), "O home que sabía demasiado" (1934) e "Os 39 chanzos" (1935) que fixeron que se convertera na icona do cine inglés.

En 1939 marchase a EEUU para dirixir novas obras mestras como "Rebeca" (1940), "A sogra" (1948), "A ventá indiscreta" (1954), Vertixe (1958), "Psicose" (1960)...

Hitchcock é considerado un mestre do suspense e da montaxe, a parte de ser un dos directores máis influentes da historia do cine.


#### FILMOGRAFÍA SELECTA:

- Blackmail (1929)
- Os 39 chanzos (1935)
- Rebeca (1940)
- Encadeados (1946)
- A sogra (1948)
- Estraños nun tren (1951)
- A ventá indiscreta (1954)
- Vertixe (1958)
- Coa morte nos talóns (1959)
- Psicose (1960)
- Os paxaros (1963)
- Frenesi (1972)



Hitchcock presentando "Psicose"

### Psicose



|   |            |
|---|------------|
| Alfred Hitchcock  | Director   |
| Robert Bloch -<br>Joseph Stefano  | Guión      |
| John L. Russell   | Fotografía |
| Bernard Herrmann  | Música     |
| Anthony Perkins (N. Bates)<br>Vera Miles (Lila Crane)<br>John Gavin (Sam Loomis)<br>Janeth Leigh (Marion Crane) | Reparto    |

USA, 1960 (109 min.)

Oscar 1961 [4 nomin. -incl. Mellor Dir.-]  
Globos de Ouro (Mellor Actriz de Reparto)  
Incluída no *Nacional Film Registry* 1992

#### SINOPSE

Marion Crane róballe ao seu xefe unha gran cantidade de diñeiro e foxe co seu amante, pero nunha noite de brétemas decide pernoctar nun motel de estrada rexentado por un enigmático rapaz.

#### CURIOSIDADES DA PELÍCULA

Esta película ten algunha das máis famosas escenas da historia do cine como é a escena da rapaza asasinada na ducha na que se empregaron 70 posicións diferentes de cámara e 7 días de rodaxe para 45 segundos. Ademais do psicópata máis famoso como é Norman Bates.



TEXTOS: Severiano Caslderrey  
Manuel Darriba

Biblioteca IES "Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa"

CURTAS  
IRMAU' 08  
[Audi ovi sual no ensi no]



6ª sesión: Martes, 6 de abril

## One froggy evening



Chuck Jones Director  
 Michael Maltese Guión  
 A. Levitow - R. Thompson Animadores  
 Milt Franklyn Música  
 Animación Reparto

USA, 1955 (7 min.)


Incluído no *Nacional Film Registry 2003* da Biblioteca do Congreso de Est. Unidos

### SINOPSE

Un albanel de mediados dos anos 50 atopa unha caixa na demolición dun edificio. Cando este abre dita caixa, atopa unha ra que canta e baila provista dun sombreiro de copa e un bastón. Dadas as súas capacidades, o home intenta explotar os seus talentos, logrando uns resultados un tanto inesperados.

| Valoración da película |  |
|------------------------|--|
| Guión                  |  |
| Fotografía             |  |
| Música                 |  |
| Valoración xeral       |  |

## Messenger



Alberto González Vázquez Director  
 Alberto González Vázquez Guión  
 Alberto González Vázquez Fotografía  
 - Música  
 Alberto González Vázquez Reparto  
 (Carlos)

España, 2006 (2 min.)


Notodofilmfest 2007 [V edición] (Sección Oficial)

### SINOPSE

Esta historia céntrase nun dos principais medios de comunicación actuais: o "messenger". Sen dúbida, unha das moitas traxedias do século XXI.

| Valoración da película |  |
|------------------------|--|
| Guión                  |  |
| Fotografía             |  |
| Música                 |  |
| Valoración xeral       |  |

## O home que plantaba árbores



Frédéric Back Director  
 Jean Giono - Guión  
 Jean Roberts  
 Frédéric Back Animador  
 Denis L. Chartrand - Música  
 Normand Roger  
 Philippe Noiret (voz en off) Reparto

Canadá, 1987 (30 min.)

Oscar 1988 (Mellor Curta de Animación)  
 Festival de Anim. de Annecy (Gran Premio)  
 Festival de Anim. de Ottawa (Gran Premio)  
 World Animation Celebration (Gran Premio)

### SINOPSE

Un humilde pastor de ovellas dedícase a recoller landras alí onde se atopa, para logo plantalas nunha terra non cultivada. Co paso do tempo, o desolado val convértese nun fermoso bosque. Un precioso canto á natureza.

| Valoración da película |  |
|------------------------|--|
| Guión                  |  |
| Fotografía             |  |
| Música                 |  |
| Valoración xeral       |  |